

Novas citas para o xénero *Camponotus* Mayr, 1861 en Galicia (NO Iberia) (Hymenoptera: Formicidae)

Fede García

e-mail: chousas2@gmail.com

Resumo: Preséntanse novas citas galegas para cinco especies do xénero *Camponotus* Mayr, 1861 (Hymenoptera: Formicidae): *C. cruentatus* (Latreille, 1802), *C. lateralis* (Olivier, 1792), *C. piceus* (Leach, 1825), *C. pilicornis* (Roger, 1859) e *C. vagus* (Scopoli, 1763).

Palabras chave: Hymenoptera, Formicidae, *Camponotus*, distribución, Galicia, Península Ibérica.

Abstract: New records for the genus *Camponotus* Mayr, 1861 in Galicia (NW Iberia) (Hymenoptera: Formicidae). New Galician records for five species belonging to genus *Camponotus* Mayr, 1861 (Hymenoptera: Formicidae) are presented: *C. cruentatus* (Latreille, 1802), *C. lateralis* (Olivier, 1792), *C. piceus* (Leach, 1825), *C. pilicornis* (Roger, 1859) and *C. vagus* (Scopoli, 1763).

Key words: Hymenoptera, Formicidae, *Camponotus*, distribución, Galicia, Iberian Peninsula.

Recibido: 18 de enero de 2025

Publicado on-line: 31 de enero de 2025

Aceptado: 25 de enero de 2025

Camponotus Mayr, 1861 é un xénero de formigas (Hymenoptera: Formicidae) hiperdiverso que conta con máis dun milleiro de especies descritas (Bolton, 2025), distribuíndose por todo o mundo.

Cóñécense 18 especies na Península Ibérica, pertencentes a catro subxéneros (Gómez & Espadaler, 2007), tendo en conta a sinonimización de *Camponotus figaro* Collingwood & Yarrow, 1969 por Seifert (2019). Delas, dez especies teñen presenza confirmada en Galicia, onde o xénero non ten moitos rexistros anteriores (ver as citas máis abaixo).

A característica morfolóxica máis salientable do xénero dentro da subfamilia Formicinae é a separación entre a beira posterior do clípeo e as insercións antenais (Collingwood, 1978; Seifert, 2018). O tamaño pode ser grande ou mediano, segundo o subxénero. As *Camponotus* son formigas polimórficas cun sistema de castas e unha alometría moi marcada, coas obreiras menores con cabezas máis estreitas e pequenas que as maiores, entre outros caracteres (Seifert, 2008, 2019).

Os hábitats e os lugares de aniñamento son variábeis dependendo da especie, habéndoas termófilas e outras de altitude, e aniñando no solo, en fendas de rochas ou en madeira. As *Camponotus* adoitan ter unha alimentación omnívora, cun importante aporte de melaza de áfidos (Seifert, 2018).

Neste traballo apórtanse novas citas galegas para cinco especies, e recompílanse as anteriores para todo o xénero. Os mapas cos rexistros ibéricos fixéronse a partir dos datos da base de datos revisada polo autor de antmaps.org (Janicki *et al.*, 2016). A identificación das mostras fíxose seguindo as claves de Gómez & Espadaler (2007).

Subxénero *Myrmosericus* Forel, 1912

Neste subxénero, a beira anterior do clípeo proxéctase anteriormente en forma dun lóbulo rectangular, o gáster é pubescente e o aspecto xeral resulta mate debido a unha microescultura reticulada (Cagniant, 1996). Ademais de *Camponotus cruentatus* (Latreille, 1802), o subxénero só conta con outra especie na Península, *Camponotus micans* (Nylander, 1856), de distribución moito máis meridional.

– *Camponotus cruentatus* (Latreille, 1802)

Distribúese polo Magreb, Península Ibérica, sur de Francia e noroeste de Italia (Cagniant, 1996). Anteriormente coñecíase a especie de tres citas de zonas costeiras da provincia de Pontevedra (Collingwood & Yarrow, 1969), dúas en Ourense (Salvadores & Salvadores, 2016; García, 2021) e unha da serra do Courel (Castro-Ferreiro & Alonso-Díaz, 2023) (Fig. 1).

A especie é de tamaño grande (ata 13 mm) e aspecto mate. A coloración é en xeral escura, pero o mesosoma ten certo compoñente avermellado e o dorso do gáster está tinguido de laranxa (Fig. 2).

Novas citas para Galicia:

Lugo:

- Vilar da Cuíña, A Fonsagrada: 1-X-2008, 465 m, 43°4'N 6°57'O. Queirogal.
- Doade, Sober: 5-VII-2016, 580 m, 42°24'50"N 7°27'1"O. Piñeiral con queirugas, baixo pedra.
- Sobredo, Folgoso do Courel: 25-IV-2018, 750 m, 42°37'N 7°11'O. Queirogal.
- Montefurado, Quiroga: 3-V-2018, 300 m, 42°23'21"N 7°12'16"O. Matos, baixo pedra.
- San Mamede, Portomarín: 17-VI-2019, 370 m, 42°47'N 7°39'O. Queirogal.

Ourense:

- Matacás, Castro Caldelas: 26-VI-2020, 500 m, 42°24'30"N 7°26'13"O. Beira de piñeiral.

Subxénero *Myrmentoma* Forel, 1912

Especies de tamaño mediano, sen que as maiores superen os 7 mm. O perfil sinuoso e truncado do propodeo fai que as dúas especies coñecidas en Galicia sexan inconfundibles (Cagniant, 1996). *Camponotus fallax* (Nylander, 1856) é unha especie arborícola non atopada aínda en Galicia, pero que conta cun rexistro moi preto do límite (García, 2020). As demais especies ibéricas do subxénero teñen unha distribución ou moito máis meridional ou próxima ao Mediterráneo.

– *Camponotus lateralis* (Olivier, 1792)

Distribución mediterránea desde a Península Ibérica a Turquía, e norte de África (Seifert, 2019). En Galicia só hai dúas citas en Pontevedra (Santschi, 1925; Collingwood & Yarrow, 1969) (Fig. 3).

A coloración vermella de cabeza e mesosoma abonda para diferenciar esta especie da seguinte na maior parte de casos. En ocasións hai espécimes máis escuros, que distínguense da seguinte especie pola cutícula máis brillante na cabeza e un inferior desenvolvemento da pilosidade (Seifert, 2019) (Fig. 4).

Novas citas para Galicia:

Lugo:

- Montefurado, Quiroga: 3-V-2018, 300 m, 42°23'21"N 7°12'16"O. Aciñeiral, baixo pedra.

Ourense:

- Baltar: 28-IV-2017, 800 m, 41°57'13"N 7°41'47"O. Xesteira, baixo pedra, unha raíña sen ás.

– *Camponotus piceus* (Leach, 1825)

Distribúese polo norte do Mediterráneo, de Iberia ata os Balcáns (Seifert, 2019). En Galicia está citada en dúas localidades de Pontevedra (Collingwood & Yarrow, 1969) e unha en Ourense (García, 2021) (Fig. 5).

A coloración é uniformemente negra na meirande parte dos espécimes. En ocasións poden atoparse algúns con pronoto algo vermello que, anteriormente á sinonimización, coñecíanse como *C. figaro*. O feito de que no mesmo niño coexistan individuos con este carácter e outros completamente negros reforzan a sinonimización proposta por Seifert (2019a) (Fig. 6).

Novas citas para Galicia:

Lugo:

- Vilaseca, Negueira de Muñiz: 19-VI-2008, 550 m, 43°6'N 6°54'O. Queirogal.
- Vilar da Cuiña, A Fonsagrada: 1-X-2008, 465 m, 43°4'N 6°57'O. Queirogal.
- Doade, Sober: 5-VII-2016, 580 m, 42°24'50"N 7°27'1"O. Queirogal, baixo pedra.
- Sobredo, Folgoso do Courel: 25-IV-2018, 750 m, 42°37'4"N 7°11'7"O. Queirogal, baixo pedra.
- San Mamede, Portomarín: 17-VI-2019, 370 m, 42°47'N 7°39'O. Queirogal.

Ourense:

- -Matacás, Castro Caldelas: 26-VI-2020, 500 m, 42°24'30"N 7°26'13"O. Beira de piñeiral.

Subxénero *Tanaemyrmex* Ashmead, 1905

Este subxénero caracterízase pola cutícula brillante, gáster pouco pubescente e o clípeo proxectado anteriormente nun lóbulo rectangular (Cagniant, 1996). As obreiras maiores poden superar o centímetro. Ademais de *Camponotus pilicornis* (Roger, 1859), hai outras tres *Tanaemyrmex* coñecidas en Galicia. *Camponotus aethiops* (Latreille, 1798) e *Camponotus sylvaticus* (Olivier, 1792) contan con algunhas citas galegas, sobre todo nas Rías Baixas (Collingwood & Yarrow, 1969). *Camponotus universitatis* Forel, 1890, unha parasita social sobre *C. pilicornis* e *C. aethiops*, foi citada en Verín (Tinaut et al., 1992). As demais especies ibéricas no subxénero teñen unha distribución moito máis meridional.

– *Camponotus pilicornis* (Roger, 1859)

Distribúese na Península Ibérica e sur de Francia (Janicki et al., 2016). En Galicia coñécese de dúas localidades en Pontevedra (Collingwood & Yarrow, 1969) e de unha en Ourense (Tinaut et al., 1992) (Fig. 7). Dentro do subxénero, caracterízase por presentar quetas nas xenas, e cor alaranxado en cabeza, mesosoma e nalgún caso na base do gastro. Nas mostras galegas, a parte superior do mesosoma das maiores acostuma a estar escurecida (Fig. 8). Todas as colonias estaban baixo pedras. Trátase dunha especie mediterránea de actividade crepuscular e nocturna.

Novas citas para Galicia:

Lugo:

- Doade, Sober: 5-VII-2016, 580 m, 42°24'50"N 7°27'1"O. Queirogal.
- Sobredo, Folgoso do Courel: 25-IV-2018, 750 m, 42°37'4"N 7°11'7"O. Queirogal.
- Montefurado, Quiroga: 3-V-2018, 300 m, 42°23'21"N 7°12'16"O. Matos.
- San Mamede, Portomarín: 17-VI-2019, 370 m, 42°47'N 7°39'O. Queirogal.

Ourense:

- Camiño de Niñodagua, Baltar: 28-IV-2017, 800 m, 41°57'13"N 7°41'47"O. Xesteira.

Subxénero *Camponotus* Mayr, 1861

Formigas de tamaño grande, acadando algo máis dun centímetro, con clípeo coa beira anterior sen unha proxección rectangular e perfil do propodeo redondeado (Cagniant, 1996). Ademais de *Camponotus vagus* (Scopoli, 1763), as outras dúas especies ibéricas do subxénero, *Camponotus herculeanus* (Linnaeus, 1758) e *Camponotus ligniperda* (Latreille, 1802) foron citadas dos Ancares de Lugo por García (2017). Estas dúas especies diferéncianse de *C. vagus* polo mesosoma vermello (Seifert, 2018).

– *Camponotus vagus* (Scopoli, 1763)

Ten unha ampla distribución de Iberia a Siberia (Seifert, 2018). En Galicia hai dúas citas, unha na ría de Vigo (Collingwood & Yarrow, 1969) e outra mais recente na serra do Courel (Castro-Ferreiro &

Alonso-Díaz, 2023) (Fig. 9). Caracterízase por ser uniformemente negra, con pubescencia densa e pilosidade abundosa (Fig. 10). Aniña en madeira (Seifert, 2018).

Novas citas para Galicia:

Lugo:

- Chantada: 21-VIII-2006, 520 m, 42°39'N 7°45'O. Cultivos con castiñeiros nas beiras das fincas.
- Doade, Sober: 5-VII-2016, 580 m, 42°24'50"N 7°27'1"O. Piñeiral.
- Mosteiro, Cervantes: 3-VII-2017, 480 m, 42°49'55"N 7°3'40"O. Prado con árbores.
- Sobredo, Folgoso do Courel: 25-IV-2018, 750 m, 42°37'4"N 7°11'7"O. Fraga, niño en tronco caído.

Bibliografía

- Bolton, B. 2025. *Camponotus*. <https://antcat.org/catalog/429244>. [Visitada o 12-I-2025].
- Cagniant, H. 1996. Les *Camponotus* du Maroc (Hymenoptera: Formicidae): clé et catalogue des espèces. *Annales de la Société Entomologique de France (n. s.)*, **32**: 87-100.
- Castro-Ferreiro, J. & Alonso-Díaz, J. 2023. III BioBlitz Ancares-Courel, edición Courel. *Micolucus*, **10**: 48-72.
- Collingwood, C.A. 1978. A provisional list of Iberian Formicidae with a key to the worker caste (Hym. Aculeata). *Eos, Revista española de Entomología*, **52**: 65-95.
- Collingwood, C.A. & Yarrow, I.H.H. 1969. A survey of Iberian Formicidae (Hymenoptera). *Eos, Revista española de Entomología*, **44**: 53-101.
- García, F. 2017. *Camponotus herculeanus* (Linnaeus, 1758) y *Camponotus ligniperdus* (Latreille, 1802) (Hymenoptera: Formicidae) en Galicia. *Iberomyrmex*, **9**: 45-47.
- García, F. 2020. *Colobopsis truncata* (Spinola, 1808) en Galicia, NO Iberia. Estudo morfolóxico, descrición da larva e distribución ibérica (Hymenoptera, Formicidae). *Arquivos Entomolóxicos*, **22**: 401-416.
- García, F. 2021. *Temnothorax recedens* (Nylander, 1856) (Hymenoptera, Formicidae) en Galicia (NO Península Ibérica). *Arquivos Entomolóxicos*, **24**: 325-327.
- Gómez, K. & Espadaler, X. 2007. *Hormigas Ibéricas*. <https://hormigas.mirmiberica.org>. [Visitada o 12-I-2025].
- Janicki, J., Narula, N., Ziegler, M., Guénard, B. & Economo, E.P. 2016. Visualizing and interacting with large-volume biodiversity data using client-server web-mapping applications: The design and implementation of antmaps.org. *Ecological Informatics*, **32**: 185-193.
- Salvadores, T. & Salvadores, R. 2016. Descripción de *Lupinus gredensis* Gand. como nueva planta nutricia de *Tomares ballus* (Fabricius, 1787) (Lepidoptera: Lycaenidae). *Arquivos Entomolóxicos*, **16**: 293-296.
- Santschi, F. 1925. Fourmis d'Espagne et autres espèces paléarctiques (Hymenopt.). *Eos, Revista española de Entomología*, **1**: 339-360.

Seifert, B. 2008. Removal of allometric variance improves species separation in multi-character discriminant functions when species are strongly allometric and exposes diagnostic characters. *Myrmecological News*, **11**: 91-105.

Seifert, B. 2018. *The Ants of Central and North Europe*. Lutra Verlags, Tauer. 408 pp.

Seifert, B. 2019. A taxonomic revision of the members of the *Camponotus lateralis* species group (Hymenoptera: Formicidae) from Europe, Asia Minor and Caucasia. *Soil Organisms*, **91**(1): 7-32.

Tinaut, A., Espadaler, X. & Jiménez, J.J. 1992. *Camponotus universitatis* Forel, 1891, en la Península Ibérica. Descripción de sus sexuos (Hymenoptera, Formicidae). *Nouvelle Revue d'Entomologie (n. s.)*, **9**: 233-238.




Fig. 1. - Mapa das citas ibéricas de *C. cruentatus*. Círculos amarelos: bibliográficas. Cadrados vermellos: novas.

Fig. 2. - Obreira de *C. cruentatus*. **2a.** - Cabeza em vista frontal. **2b.** - Habitus, vista lateral.






Fig. 3. - Mapa das citas ibéricas de *C. lateralis*. Círculos amarelos: bibliográficas. Cadrados vermellos: novas.

Fig. 4. - Obreira de *C. lateralis*. **4a.** - Cabeza en vista frontal. **4b.** - Habitus, vista lateral.



4b

4a




Fig. 5. - Mapa das citas ibéricas de *C. piceus*. Círculos amarelos: bibliográficas. Cadrados vermellos: novas.

Fig. 6. - Obreira de *C. piceus*. **6a.** - Cabeza en vista frontal. **6b.** - Habitus, vista lateral.



6b

6a




Fig. 7. - Mapa das citas ibéricas de *C. pilicornis*. Círculos amarelos: bibliográficas. Cadrados vermellos: novas.

Fig. 8. - Obreira de *C. pilicornis*. 8a. - Cabeza em vista frontal. 8b. - Habitus, vista lateral.





Fig. 9. - Mapa das citas ibéricas de *C. vagus*. Círculos amarelos: bibliográficas. Cadrados vermellos: novas.

Fig. 10. - Obreira de *C. vagus*. 10a. - Cabeza em vista frontal. 10b. - Habitus, vista lateral.

